



# MONDARIZ

Club de Montaña O Carroucho

13 de Xuño de 2015

**M**ondariz-Balneario está pegado a Mondariz pobo xa que antes de ter concello propio era o barrio de Troncoso. Créase en 1924, polo éxito das fontes de augas medicinais descubertas en 1873 polo crego Domingo Branco Lage que observou que no lugar brotaba auga con burbullas que lle chamaron a atención. Esa auga deulla a beber a un veciño doente que curou. Repetiu con outros ate chegar á conclusión de que tiñan propiedades medicinais. Unha vez analizadas polos expertos, a auga é declarada de Utilidade Pública en 1973, empezándose a envasar en 1877.



O castelo de Sobroso está situado nun promontorio rochoso onde apareceron restos da cultura castrexa. Os primeiros datos son de 1117 cando a raíña dona Urraca é cercada polos partidarios do seu fillo neno-rei Alfonso VII. Despois pasa a mans de Pedro Ruíz Sarmiento. Na segunda metade do s. XV é escenario das loitas da revolta irmandiña, pasando despois a mans de Pedro Álvarez de Soutomaior.

Primeiro, sobre as 11 dirixirémonos ao castelo de Sobroso, onde faremos unha curta visita guiada que custa 1€ por persoa. O bus aparcará a 400 m. do castelo e recolleranos á entrada do parque forestal preto de Vilasobroso, a onde chegaremos andando. Sobre as 12, remataremos a visita para facer 20 minutos de bus ata a aldea de Lourido onde comezará a camiñata que rematará en Mondariz-Balneario. Nada máis baixar ata o río Tea, teremos que cruzar polos "Pasos de Lourido", que nesta época non suporán gran dificultade

## Datos Básicos

Comezo: Lourido  
Remate: Mondariz-Balneario  
Distancia lineal: 14 km.  
Duración aprox.: 6 horas  
Dificultade: Baixa-Media  
Altura máxima: 278 m  
Altura mínima: 48 m  
Acumul.:  $\uparrow$ 195 m /  $\downarrow$ 415 m

para ninguén, pero hai que pasar con coidado. Será o primeiro dos tres similares que tamén pasaremos. A ruta seguirá ata chegar ata a tubaxe dunha pequena central hidroeléctrica. Logo a ruta empatará cunha fermosa levada ou canle de rego tradicional. Así chegaremos á aldea das Pereiras para volver a baixar ao río Tea e voltar a cruzalo polos "Pasos de Casteláns".


A ruta continuará polas aldeas de Pío e Costa, para meternos nunha fermosísima e vella corredoira, con muros de tres metros nalgún punto. Ao remate chegaremos á Ponte da Costa, para xantar sobre as 15 h.



Pola tarde chegaremos aos "Pasos de Tatín", os mellor conservados deste tramo do río Tea. Cruzarémolos para seguir sempre a carón do río, en suave baixada. Máis tarde pasaremos á altura da ponte romana de Cerdanela, que non cruzaremos. Seguiremos a ruta ata chegar á ponte plana de A Poeira, que nos servirá para cruzar o río outra vez. Á altura das Amolares, cruzamos o río por unha ponte metálica moderna para chegar a Mondariz-Balneario pola ponte do Cruxón, sobre as 18.30 horas. Alí mesmo hai un bar con preciosas vistas ao río.

Para os que queiran, faremos unha rápida e completa visita aos dous mananciais e os lugares máis importantes da vila.

Para os que queiran, faremos unha rápida e completa visita aos dous mananciais e os lugares máis importantes da vila.



Próxima cita:

19 Setembro  
Forcarey



O Carroucho

www.carroucho.org